PERÍODO
2017/2021

# PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL

IES ISAAC DÍAZ PARDO (SADA)

# ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN DESCRITIVA DO CONTEXTO DO CENTRO. .... 4
1.1. ANÁLISE DOS ELEMENTOS EXTERNOS .... 4
1.1.1. CONTORNO DEMOGRÁFICO E ECONÓMICO .... 4
1.1.2. CONTORNO SOCIOCULTURAL E TECNOLÓXICO .... 5
1.1.3. RELACIÓNS CO CONCELLO .... 7
1.1.4. RELACIÓNS COS CENTROS ADSCRITOS E OUTROS. .... 7
1.1.5. RELACIÓNS CON OUTRAS INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS .... 8
1.1.6. RELACIÓNS CON EMPRESAS .... 8
1.2. ANÁLISE DOS ELEMENTOS INTERNOS .... 8
1.2.1. EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO .... 8
1.2.2. ESTRUTURA ORGANIZATIVA E DE XESTIÓN .... 10
1.2.3. PERSOAL DOCENTE .... 10
1.2.4. ALUMNADO .... 11
1.2.5. RESULTADOS ACADÉMICOS E PROBAS EXTERNAS .... 11
1.2.6. CONVIVENCIA .... 12
1.2.7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .... 13
1.2.8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .... 13
1.2.9. RELACIÓNS COS PAIS/NAIS .... 13
2. XUSTIFICACIÓN DA SOLICITUDE .... 14
3. OBXECTIVOS .... 20
4. EXPERIENCIA EDUCATIVA COAS TIC NO CENTRO. .... 22
4.1 PROXECTO ABALAR .... 22
4.2 BLOGS DEPARTAMENTOS .... 22
4.3 AULAS VRITUAIS .... 24
4.4 ABALARMÓBIL .... 25
4.5. PROXECTO AGUEIRO .... 25
4.6 PÁXINA WEB DO CENTRO .... 25
4.7 OUTRAS FERRAMENTAS: GOOGLE APPS EDUCATIVAS .... 27
4.8 CONTRATOS PROGRAMA: MELLORA DO NIVEL DE COÑECEMENTOS PARA ACADAR A EXCELENCIA .... 27
4.9 EXEMPLOS DE TRABALLO DIARIO COAS TIC DESENVOLVIDOS NO CURSO 2016/17 POR DIFERENTES DEPARTAMENTOS .... 27
5. MODELO ORGANIZATIVO E METODOLÓXICO PREVISTO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO E GARANTIR A SÚA CONTINUIDADE. .... 30
5.1. MODELO METODOLÓXICO .... 30

5.2. MODELO ORGANIZATIVO .......... 31
6. DESIGNACIÓN DA PERSOA COORDINADORA DO PROXECTO .......... 33
6.1. PARTICIPACIÓN, COORDINACIÓN OU DOCENCIA EN ACCIÓNS FORMATIVAS 33
6.2. TRABALLO ACREDITADO RELACIONADO COA INTEGRACIÓN DAS TIC NA EDUCACIÓN. .......... 36
6.3. EXPERIENCIA NA COORDINACIÓN DE PROXECTOS OU GRUPOS DE TRABALLO. .......... 39
6.4. PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS QUE INTEGREN METODOLOXÍAS DIDÁCTICAS INNOVADORAS NA EDUCACIÓN. .......... 39
6.5. OUTRA EXPERIENCIA ACREDITABLE QUE SE CONSIDERE RELEVANTE COA INTEGRACIÓN DAS TIC NA AULA. .......... 40
7. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE E OUTRAS RELACIONADAS COAS TIC DESENVOLTAS NO CENTRO DURANTE OS ÚLTIMOS CINCO ANOS. .......... 41
8. TIPO DE CONEXIÓN Á REDE, INDICANDO A SÚA VELOCIDADE DE BAIXADA NOMINAL E REAL. .......... 46
9. NOME DAS MATERIAS QUE SE IMPARTIRÁN EN DIXITAL NO CASO DE PROXECTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. .......... 47
10. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INTERNA DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO, ESPECIFICANDO INDICADORES DE LOGRO VINCULADOS AOS OBXECTIVOS PROPOSTOS. .......... 50
11. INFORMACIÓN RELEVANTE PARA A SELECCIÓN DO CENTRO. .......... 53

*Co obxecto de dar cumprimento á Resolución do 22 de maio de 2017 da D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2017/18, preséntase o proxecto no que se concretarán os extremos para implantación durante o curso 2017/18 e continuidade nos cursos posteriores.*

# 1. INTRODUCIÓN DESCRITIVA DO CONTEXTO DO CENTRO.

O IES Isaac Díaz Pardo leva traballando no proxecto Abalar desde o curso 2010-2011 cun importante compromiso pola procura da integración das TIC na práctica docente.

O compromiso da actual dirección coas TIC, reflectido no proxecto de dirección presentado e avaliado positivamente para o período 2017-2021 e na promoción da participación do centro na convocatoria para participar no proxecto de Educación Dixital durante o curso 2017-2018 e posterior compromiso de mantemento do programa durante catro cursos académicos, fai pensar nun desenvolvemento exitoso do proxecto, seguramente non exento de dificultades na execución, especialmente nos primeiros cursos.

Dada a coincidencia no tempo entre os proxectos de dirección e de educación dixital e o forte compromiso da dirección con ambos, de seguido, reflíctese a análise do contexto do centro reproducida no proxecto de dirección para o período 2017-2021.

Na análise do contexto resulta importante considerar os elementos externos e internos, identificando aqueles que contribúen en positivo (puntos fortes) e os que precisan ser mellorados (puntos febles). Estes últimos formaron parte dos obxectivos prioritarios dos diferentes proxectos do centro.

## 1.1.ANÁLISE DOS ELEMENTOS EXTERNOS

### 1.1.1. CONTORNO DEMOGRÁFICO E ECONÓMICO

Sada é o sexto concello máis poboado da comarca de A Coruña. Conta con 15.633[1] habitantes, distribuídos por idade e sexo como amosa a seguinte pirámide de poboación.




[1] Fonte: Padrón municipal. Datos a 2 de xaneiro de 2017.

A actividade empresarial é reducida. O número de empresas por actividade representa o 1,25% en relación co total da provincia[2]. O 73,61% da actividade empresarial concéntrase no sector servizos. Nos últimos catro anos apréciase unha melloría nos datos de emprego[3].




Sada é un concello densamente poboado cun crecemento de poboación continua e de tendencia constante, debido á chegada de persoas procedentes doutros municipios e de persoas inmigrantes que se instalan no concello.







Algúns colectivos de inmigrantes veñen acompañados da súa familia, integrándose na comunidade e rexentando os seus propios negocios.

PUNTOS FORTES: Enriquecemento derivado da interculturalidade.

PUNTOS FEBLES: Dificultades derivadas do diferente nivel competencial do alumnado, en especial a competencia en comunicación lingüística.

## 1.1.2. CONTORNO SOCIOCULTURAL E TECNOLÓXICO

Os datos extraídos do proxecto lingüístico do centro indican que o 52% do alumnado do centro naceu na Galicia urbana, fronte a un 27% no rural e un 21% fóra de Galicia (provén maioritariamente de países castelán falantes), feito que pode determinar a presenza do castelán como lingua materna da maioría dos proxenitores (o 32% empregan as dúas linguas).

[2] Fonte: Instituto Galego Estatística. Datos 2015.

[3] Fonte: Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local a partir de datos extraídos do IGE.

De seguido, reflíctense os resultados das enquisas realizadas no curso 2012-2013 co fin de redactar o Plan TIC do centro.

| **Resultados das enquisas realizadas no curso 2012-2013 (Plan TIC).** | |
|---|---|
| **Alumnado/familias** | |
| ▪ Alumnado que dispón de equipo informático na casa. | 97% |
| ▪ Alumnado con acceso á rede. | 94% |
| ▪ Frecuencia de uso das ferramentas informáticas:<br>○ Diariamente<br>○ Semanalmente<br>○ Mensualmente<br>○ Non as emprega<br>○ NS/NC | <br>67%<br>26%<br>4%<br>2%<br>1% |
| ▪ Consideración das TIC como recurso importante para a mellora do ensino. | 91% afirmativo<br>7% negativo<br>2% NS/NC |
| ▪ Consideración sobre a dispoñibilidade en número suficiente de ferramentas informáticas no centro. | 67% afirmativo<br>29% negativo<br>4% NS/NC |
| **Profesorado** | |
| ▪ Consideración das TIC como ferramenta importante. | 91% |
| ▪ Consideración dos aspectos a mellorar no centro:<br>○ Dotación equipamento<br>○ Maior emprego na aula<br>○ Accesiblidade á rede<br>○ Outros | <br>44%<br>30%<br>13%<br>13% |
| ▪ Consideración das TIC como recurso importante para a mellora do ensino. | 91% afirmativo<br>7% negativo<br>2% NS/NC |
| ▪ Consideración sobre a dispoñibilidade, en número suficiente, de ferramentas informáticas no centro. | 67% afirmativo<br>29% negativo<br>4% NS/NC |

PUNTOS FORTES: O alumnado, no ámbito académico, non ten prexuízos e empregará unha ou outra lingua dependendo da que teña un uso vehicular na aula. Accesibilidade ás TIC.
PUNTOS FEBLES: O ámbito académico non actúa como transmisor do idioma xa que a maioría do profesorado diríxese ao alumnado maioritariamente en castelán.

### 1.1.3. RELACIÓNS CO CONCELLO

As relacións co Concello son frecuentes e fluídas. Así, previa autorización da Xefatura Territorial, facilítase o uso de instalacións á: Concellería de Educación, Xuventude e Saúde (aulas), Concellería de Deportes (pavillón para desenvolver actividades no marco das Escolas Deportivas Municipais) e Concellería de Urbanismo e Emprego (aulas no marco do Plan de Formación Municipal para o Emprego).

PUNTOS FORTES: A adhesión do concello, no presente curso, ao Convenio Marco da FEGAMP que determina deberes e obrigas para ambas as partes e designa un responsable do concello durante o desenvolvemento das actividades.
PUNTOS FEBLES: Incidencias derivadas do uso das instalacións por terceiros.

### 1.1.4. RELACIÓNS COS CENTROS ADSCRITOS E OUTROS.

O centro ten adscritos o CEIP Pedro Barrié de la Maza, CEIP Sada e Contornos, para a ESO e IES O Mosteirón para ensinanzas de Bacharelato. A relación é fluída. Cada curso desenvólvense xornadas de presentación para o alumnado (no centro adscrito e no propio IES) e para as familias (xornadas de portas abertas en xuño) que se integrarán na comunidade educativa no curso seguinte, co fin de dar a coñecer as instalacións e aproximarse á realidade do centro. Nos últimos anos está a ser un obxectivo espertar o interese do alumando co CPI Cruz do Sar (Bergondo), centro non adscrito.

PUNTOS FORTES: Relacións estables e fluídas. O alumnado dos centros CEIP adscritos están familiarizados coas ferramentas TIC, como *Google para Educación*.
PUNTOS FEBLES: Anticipar e mellorar a información relativa ao proceso de matrícula, admisión e coñecemento do centro.

### 1.1.5. RELACIÓNS CON OUTRAS INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS

O centro participa nas sucesivas convocatorias para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao Máster en profesorado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato , formación profesional e ensinanzas de idiomas na Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén colabora en diferentes estudos de fin de grao e máster que organizan as universidades, previa presentación pola facultade responsable. O alumnado de bacharelato visita, baixo a coordinación do Departamento de Orientación, as distintas universidades co fin de organizar a toma de decisións cara ao futuro.

PUNTOS FORTES: Forte compromiso de colaboración do centro con outras institucións. Constante vinculación do Departamento de Orientación coa comunidade educativa.
PUNTOS FEBLES: A coordinación coa Universidade de Santiago no relativo ás visitas precisa melloras.

### 1.1.6. RELACIÓNS CON EMPRESAS

O contacto coas empresas está vinculado aos programas Eduemprende e Lanzadeiras que nas últimas convocatorias propiciaron o desenvolvemento de miniempresas no centro ligadas a I+D+i, grazas ao compromiso e traballo dos Departamentos de Tecnoloxía e Economía, acadando importantes logros en cada unha das edicións, nos que as ferramentas TIC xogan un papel fundamental.
Ademais nas programacións de diferentes departamentos planifícanse visitas a empresas consolidadas do contorno (Inditex, SA, La Voz Audiovisual, ...)

PUNTOS FORTES: Experiencia consolidada que favorece a consecución das competencias clave de materias como Robótica, Tecnoloxía e Economía da Empresa, nos que a presencia das TIC é moi importante.
PUNTOS FEBLES: Necesidades de financiamento e de espazos nos que desenvolver os proxectos obxecto dos programas.

## 1.2.ANÁLISE DOS ELEMENTOS INTERNOS

### 1.2.1. EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO

Acadouse unha importante mellora nos sete últimos cursos académicos grazas ao esforzo inversor dos equipos directivos e ás sucesivas dotacións da administración. Como xa se

indicou, o IES Isaac Díaz Pardo está integrado no Proxecto Abalar desde o curso 2010-2011.

O centro conta con puntos de acceso wifi e conexión por rede de área local. Todas as aulas dispoñen de equipo informático de uso exclusivo polo profesorado (e do alumnado baixo supervisión) e pizarras, maioritariamente dixitais.

Hai 2 aulas de informática e unha biblioteca con 10 equipos para consulta do alumnado (un conectado coa impresora de conserxería), 2 ordenadores e unha impresora multifunción a cor, para uso exclusivo do profesorado responsable.

A sala de profesorado conta con 6 equipos conectados en rede á impresora multifunción.

O mantemento do equipamento TIC recae en dous profesores, un responsable do equipamento Abalar (carga horaria semanal, 2 horas) e outro responsable do resto do equipamento (carga horaria semanal, 3 horas).

A comunidade educativa fixo un esforzo, especialmente no presente curso, por integrar o uso das TIC. O curso 2016-2017 deu comezo coa renovación da páxina web e a difusión da APP abalarMóbil, ao tempo que unha parte importante do profesorado se iniciaba no emprego da aula virtual.

Pese aos avances, o medio de comunicación interno continúa sendo maioritariamente o papel, engadindo tempo, custos, ... ao traballo de titoría.

PUNTOS FORTES: A maioría das aulas contan con equipamento TIC. A páxina web ofrece contidos actualizados actuando como vertebradora da actividade docente.
PUNTOS FEBLES: Insuficiente cobertura wifi. Os ordenadores á disposición do equipo da biblioteca precisan actualizar o sistema operativo tendo en conta os requisitos do programa de xestión. Os equipos de aula non dispoñen de mecanismos suficientes de limitación de acceso por parte do alumnado para evitar malos usos. O servizo externo de mantemento informático non acada a eficiencia. Aproximadamente o 40% das familias empregan a APP AbalarMóbil. Necesidade de completar a formación do profesorado en

aulas virtuais. Comunicacións lentas e ineficaces entre o profesorado, que lastran o traballo de titoría.

### 1.2.2. ESTRUTURA ORGANIZATIVA E DE XESTIÓN

O centro estrutúrase en:

- Órganos de goberno unipersoais: cargos directivos
- Órganos de goberno colexiados: Claustro e Consello Escolar (Comisión Económica, de Convivencia e de Autoprotección).
- Órganos de coordinación docente: departamentos didácticos, de orientación, de actividades complementarias e extraescolares, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Dinamización da lingua galega e Equipo da Biblioteca.
- Coordinadores TIC/Abalar.
- Titores
- Profesorado
- Alumnado
- Persoal non docente
- Familias.

PUNTOS FORTES: A composición, funcións, calendario de reunións reflíctense nas NOF do centro. O Consello Escolar conta con representación de todos os sectores da comunidade educativa. Os departamentos xestionan eficazmente a adxudicación da xefatura. Importante traballo desenvolvido polos coordinadores TIC/Abalar.

PUNTOS FEBLES: Traballo de titoría inxente que precisa de melloras importantes que deberán ser facilitadas desde o equipo directivo. Necesidade de sistematizar a información relativa á organización do centro (horarios completos de grupos indicando emprazamento) co fin de facilitar o traballo do profesorado e do persoal non docente.

### 1.2.3. PERSOAL DOCENTE

Estrutura do persoal docente[4]

| | **Profesorado** | | |
|---|---|---|---|
| **Ensinanza** | **Homes** | **Mulleres** | Destino definitivo no centro 77% |
| Docencia exclusiva na ESO | 4 | 6 | |

[4] Datos extraídos DRD curso 2016/17

| | | | |
|---|---|---|---|
| Docencia exclusiva Bacharelato | 0 | 1 | |
| Docencia en dúas ou máis ensinanzas | 9 | 24 | |
| Outro profesorado que imparte ensino | 1 | 0 | |
| Orientadora | 0 | 1 | |
| Profesorado pedagoxía terapéutica | 0 | 2 | |
| **Total** | **14** | **34** | |

PUNTOS FORTES: Ambiente de traballo cordial, exento de conflitos que permite garantir o éxito dos diferentes proxectos nos que participa o centro.

PUNTOS FEBLES: Demanda de Programas de Formación expresada polo profesorado, por exemplo, aulas virtuais, ... A porcentaxe de provisionalidade do profesorado revela a necesidade de deseñar un procedemento de acollida facilitador da incorporación efectiva e garante da vinculación do profesorado novo cos proxectos de centro.

### 1.2.4. ALUMNADO

O centro imparte docencia no presente curso a 405 alumnos; 272 matriculados na ESO, 124 en Bacharelato e 9 na ESA.

O traslado de ensinanzas do bacharelato do IES Mosteirón ao IES Isaac Díaz Pardo establecida no Decreto 153/2012, de 5 de xullo, o clima de convivencia do centro e os resultados académicos do alumnado, propician que, nos últimos anos, tanto a reserva de praza como a admisión confirmen a tendencia de crecemento do centro, que supón un reto para a xestión do equipo directivo.

PUNTOS FORTES: Centro especialmente comprometido coa atención á diversidade, fomentando a tolerancia e o respecto ás diferenzas. Ampla oferta de materias específicas e de libre configuración autonómica.

PUNTOS FEBLES: Dificultades organizativas derivadas da planificación de medidas de atención á diversidade ordinarias e extraordinarias e da ampla oferta de materias.

### 1.2.5. RESULTADOS ACADÉMICOS E PROBAS EXTERNAS

Os resultados académicos son avaliados trimestralmente polos órganos de goberno unipersoais e colexiados e de coordinación docente co fin de propoñer melloras.

Os resultados das Probas de Avaliación de Diagnóstico de cursos anteriores, das Probas de Acceso á Universidade, Olimpíadas como as de Química e Economía, nas que nos últimos anos alumnado do centro acadou excelentes resultados (primeiro e segundo posto nas olimpíadas autonómicas de 2015), os premios acadados nas convocatorias de concursos de emprendemento, audiovisuais, ... poñen en valor o traballo conxunto da comunidade educativa e son unha das principais razóns que anima ao profesorado en xeral e ao equipo directivo en particular a aumentar o grao de implicación co centro.

PUNTOS FORTES: O aumento da participación nas diferentes convocatorias de premios, proxectos, olimpíadas, ... con importantes éxitos. O feedback derivado dos resultados positivos que se consolidan ano tras ano e que funcionan como estímulo.
PUNTOS FEBLES: Déficit en hábitos de estudo do alumnado e ausencia de planificación na procura da eficiencia. Recursos moi axustados para a posta en marcha das medidas de atención á diversidade que se precisan en función da estimación das necesidades.

### 1.2.6. CONVIVENCIA

O bo clima de convivencia (apenas o 5% das familias manifestan un empeoramento da convivencia do centro nos últimos anos, segundo o Informe "Diagnose e seguimento da convivencia escolar Curso 2015/16") é o resultado da posta en marcha das diferentes medidas de atención á diversidade que contribúen a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado, de medidas de prevención de conflitos desenvolvidas desde as titorías baixo a coordinación do Departamento de Orientación, da comunicación fluída coas familias, ...

PUNTOS FORTES: A memoria de disciplina do curso 2015-2016 reflicte un descenso no número de condutas contrarias á convivencia do centro, que facilitará as boas prácticas no manexo do equipamento E-Dixgal. Implicación absoluta do Departamento de Orientación como mediador na resolución de conflitos.
PUNTOS FEBLES: A loita contra a impuntualidade é unha batalla que precisa dun traballo diario de control e educación en hábitos. Resulta imprescindible desenvolver protocolos de emprego do móbil, destacando o seu uso como ferramenta didáctica, concienciando ao alumnado da importancia do uso racional. Traballar a importancia do valor da propiedade privada, co fin de eliminar as subtraccións de obxectos persoais.

### 1.2.7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As características do alumnado con necesidade específica de apoio educativo é diversa. Nos últimos anos percíbese un incremento notable de alumnado que presenta Déficit de Atención con/sen Hiperactividade, receptor de medidas de atención á diversidade ordinarias combinadas con extraordinarias.

PUNTOS FORTES: O Departamento de Orientación e o equipo directivo organizan un catálogo de medidas de atención á diversidade que priorizan a atención dos destinatarios sobre a comodidade de organización do centro.
PUNTOS FEBLES: Recursos humanos limitados (especialmente falta de profesorado de Pedagoxía Terapéutica) para a posta en marcha das medidas necesarias. Limitación dos materiais curriculares tradicionais.

### 1.2.8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

No contexto actual no que o mundo dixital ocupa unha porcentaxe ampla do tempo de lecer do noso alumnado, é importante facer un esforzo por impulsar actividades que completan a formación do alumnado e favorecen a socialización, participación e cooperación.

PUNTOS FORTES: A organización conta coa implicación dos diferentes sectores da comunidade educativa, enfatizando a necesidade de consensuar.
PUNTOS FEBLES: Concentración de actividades en grupos ou períodos.

### 1.2.9. RELACIÓNS COS PAIS/NAIS

Fomentar a participación dos pais e nais no proceso educativo é un obxectivo prioritario do equipo directivo, dado que xunto co profesorado son responsables do grao de éxito que se acade. Os responsables do alumnado están organizados na ANPA "As Brañas", instrumento moi eficaz de comunicación e un colaborador de primeira orde nos diferentes programas que desenvolve o centro, difusión de novas, ... A comunicación vertical, co fin de ser eficaz, ten que ser bidireccional, de transmisión de informacións de interese e de propostas de mellora, ...

PUNTOS FORTES: Relacións fluídas coa ANPA. Mellora da comunicación en tempo real equipo docente-familias grazas ao emprego da aplicación abalarMóbil.
PUNTOS FEBLES: Non todas as familias dispoñen da aplicación abalarMóbil.

## 2. XUSTIFICACIÓN DA SOLICITUDE

A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, establece como **competencias clave do currículo**:

a. Comunicación lingüística (CCL)
b. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)
c. Competencia dixital. (CD)
d. Aprender a aprender. (CAA)
e. Competencias sociais e cívicas. (CSC)
f. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
g. Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

A **competencia dixital** é unha das competencias clave do currículo, tal e como establece o artigo 3 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

<table>
<tr><th colspan="2">A competencia dixital</th></tr>
<tr><td>
</td>
<td>Implica o uso creativo, crítico e seguro das TIC para acadar os obxectivos relacionados co traballo, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e a participación na sociedade.<br><br>Precisa:<br>▪ Coñecementos relacionados coa linguaxe específica básica: textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora<br>▪ Coñecemento das principais aplicacións informáticas<br>▪ Acceso ás fontes e procesamento da información<br>▪ Coñecemento dos dereitos e liberdades que asisten ás persoas no mundo dixital.<br><br>Trátase de desenvolver unha actitude activa, crítica e realista cara ás tecnoloxías e os medios tecnolóxicos, valorando fortalezas e debilidades e respectando principios éticos no seu uso.</td></tr>
</table>

O artigo 10 do Decreto 86/2015 establece os **obxectivos da Educación Secundaria** Obrigatoria:

*"A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:*

...

*e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.*

O Artigo 26 do citado Decreto, establece os **obxectivos do Bacharelato**:

*"O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:*

...

*g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación..*

O Título III do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece para os centros que desenvolven o currículo nun contorno dixital a necesidade de establecer ***un proxecto de educación dixital que formará parte do proxecto educativo do centro***.

*Artigo 39. Educación dixital*

*1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.*

*2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.*

*3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.*

*4. Os centros docentes que desenvolvan o currículo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo*

*e deberá contar coa aprobación da consellería con competencias en materia de educación, segundo o procedemento que se estableza.*

No marco do que dispón a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, como principios e fins da educación que servirán de guía de actuación e logo da análise do contexto e da experiencia docente e de xestión do centro, é posible concretar a formulación dos **obxectivos, reflectidos no proxecto de dirección para o período 2017-2021**, entre os que destaca, **en relación coas TIC**:

- Fomentar o uso técnico e ético das TIC entre a comunidade educativa.
- Impulsar a formación permanente do profesorado, a innovación pedagóxica e a investigación educativa.
- Colaborar e coordinar os grupos de dinamización do centro.
- Fomentar a aprendizaxe por proxectos.

Así o proxecto de dirección, para o período 2017-2021, define as seguintes **liñas de actuación** (nas que se integran as actuacións previstas, responsables das mesmas[5] e indicadores de logro) **relacionadas coas TIC**:

| **LIÑA 4: Novas tecnoloxías** | | |
|---|---|---|
| **1. Mellora do control do acceso dos usuarios ao equipamento TIC e rede.** | | |
| Actuacións | Responsables | Indicadores |
| ▪ Dotar dun dispositivo de seguridade (firewall) que garanta o uso seguro dos equipos e da rede.<br>▪ Deseñar un protocolo de uso das aulas de informática facilitando a identificación | ED<br>CTIC | ▪ Porcentaxe de incidencias de mal uso dos equipos e da rede de centro. |

[5] [5] ED: Equipo directivo — CLA: Claustro
CE: Consello Escolar — CEC: Comisión Económica
CC: Comisión de Convivencia — CCP: Comisión de Coordinación Pedagóxica
DO: Departamento de Orientación — DEP: Departamentos
EDL: Equipo Dinamización Lingüística — EB: Equipo Biblioteca
ALU: Alumnado — PND: Persoal Non Docente — TIT: Titores
CTIC: Coordinación Tecnoloxías da Información e Comunicación — CED: Comunidade Educativa

| | | |
|---|---|---|
| do usuario de cada equipo para delimitar responsabilidades. | | |
| **2. Mellora da rede sen fíos (wifi).** | | |
| Actuacións | Responsable | Indicadores |
| ▪ Instalar packs de puntos de acceso configurables en ancho de banda, intensidade do sinal, con posibilidade de creación de múltiples redes.<br>▪ Mellorar a conexión do pavillón | ED<br>CTIC | ▪ Número de espazos con wifi.<br>▪ Grao de eficacia das conexións. |
| **3. Facilitar o labor docente e a comunicación entre o profesorado** | | |
| Actuacións | Responsables | Indicadores |
| ▪ Instalar servidor para a xestión segura do fluxo de información.<br>▪ Dotar ao profesorado dun caderno de notas dixital sinxelo e eficiente.<br>▪ Empregar ferramentas Google Drive en combinación co correo. | ED<br>CTIC<br>CLA | ▪ Porcentaxe de documentos compartidos.<br>▪ Grao de satisfacción dos usuarios. |
| **4. Continuar traballando na mellora e potenciación da páxina web do centro.** | | |
| Actuacións | Responsables | Indicadores |
| ▪ Actualizar diariamente os contidos.<br>▪ Xestionar entradas polos xefes de departamento e responsables dos equipos de dinamización.<br>▪ Dispor un bloque para ANPA. | ED<br>CTIC<br>DEP<br>ANPA | ▪ Variación porcentual do número de entradas.<br>▪ Contador de visitas. |
| **5. Promoción do uso da aula virtual como ferramenta de traballo** | | |
| Actuacións | Responsables | Indicadores |
| ▪ Asesorar ao profesorado (alta usuarios, cursos e formación inicial) | ED<br>CTIC<br>CLA | ▪ Porcentaxe usuarios aula virtual. |
| **6. Extensión da APP abalarMóbil como canle de comunicación coas familias.** | | |
| Actuacións | Responsables | Indicadores |

| | | |
|---|---|---|
| ▪ Fomentar a subscrición das familias desde o proceso de matrícula (guía de descarga e uso). Completar información na web ("Circulares pais/nais").<br>▪ Procurar a subscrición e uso do 100% do profesorado.<br>▪ Solicitar a colaboración da ANPA na información da subscrición. | ED<br>TIT<br>CLA<br>CTIC<br>ANPA | ▪ Variación porcentual de familias conectadas e de profesorado subscrito e comprometido co uso da ferramenta. |
| **7. Dotación de software propio aos departamentos de Artes Plásticas e Tecnoloxía** | | |
| Actuacións | Responsables | Indicadores |
| ▪ Instalar suites de deseño e creación, como Suite Autodesk, e sistema operativo que as soporte. | ED<br>DEP<br>CTIC | ▪ Grao de satisfacción dos usuarios |
| **8. Continuación da instalación da Maqueta Abalar libre.** | | |
| Actuacións | Responsables | Indicadores |
| ▪ Actualizar os equipos de centro á Maqueta Abalar Libre. | ED<br>CTIC | ▪ Porcentaxe de equipos actualizados. |

| **LIÑA 8: Fomentar e promover a formación e perfeccionamento do profesorado, innovación e investigación educativa** | | |
|---|---|---|
| **1. Elaboración dunha enquisa anual de detección de necesidades para a elaboración do Plan de Formación en Centro.** | | |
| Actuacións | Responsables | Indicadores |
| ▪ Deseñar a enquisa. Analizar datos e tomar decisións.<br>▪ Deseñar accións formativas a medida: aula virtual, competencias clave, ...<br>▪ Solicitar as accións consensuadas. | ED<br>CLA | ▪ Porcentaxe de profesorado implicado.<br>▪ Grao de satisfacción |

| **LIÑA 10: Fomentar a aprendizaxe por proxectos** |
|---|

| **1. Fomento do emprendemento.** | | |
|---|---|---|
| Actuacións | Responsables | Indicadores |
| ▪ Continuar co traballo de Eduemprende e Lanzadeiras. | ED<br>DEP<br>CLA/CE | ▪ Número de actividades realizadas. |
| **2. Deseño de actividades de innovación educativa** | | |
| Actuacións | Responsables | Indicadores |
| ▪ Fomentar activamente a participación: Plan Proxecta, Desafíos STEM, concursos literarios, audiovisuais, olimpíadas, en prol da excelencia. | ED<br>DEP<br>CLA<br>CE | ▪ Nº de proxectos presentados e correlación cos resultados acadados |

**Así:**

- **A experiencia do centro no Proxecto Abalar.**
- **O peso específico das TIC no proxecto de dirección para o período 2017-2021**
- **A crecente participación do profesorado na creación, selección e estruturación de recursos virtuais e propostas metodolóxicas para o traballo na aula.**
- **A excelente acollida, por parte do Claustro e Consello Escolar, da proposta de participación do centro na convocatoria E-Dixgal no curso 2017-2018.**
- **A posibilidade de formación específica para o profesorado participante.**
- **A disposición da comunidade educativa, descrita na introdución descritiva do contexto do centro** (Enquisas TIC).
- **A necesidade de dispor de contidos curriculares permanentemente actualizados (o libro de texto queda "obsoleto", non esquezamos que ten que manterse durante 6 cursos académicos[6]), de aforrar custos ás familias, de racionalizar os recursos existentes ...**

**Son todos elementos que xustifican o compromiso do centro co proxecto E-Dixgal e a substitución do tradicional libro de texto por materiais dixitais, accesibles a toda a comunidade educativa.**

[6] Orde do 29 de maio de 2013 pola que se determina o período de vixencia dos libros de texto de demais materiais curriculares: 6 cursos académicos desde a súa elección

# 3. OBXECTIVOS

O centro conta cun **Plan de integración das Tecnoloxías da Información e Comunicación elaborado durante o curso 2012-2013**, no que se relacionan como **obxectivos xerais do centro**, para o alumnado, profesorado e Comunidade Educativa **en relación ás TIC**:

- *Tratar de que o alumnado acade competencia dixital, dispoñendo de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, co fin de transformala en coñecemento.*
- *Empregar a páxina web do centro como instrumento de comunicación cos membros da comunidade educativa e de formación.*
- *Coordinar a acción do profesorado das distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.*
- *Facilitar o acceso ás TIC do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo das aprendizaxes.*
- *Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.*
- *Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado e a súa motivación.*
- *Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC.*
- *Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.*
- *Utilizar o equipamento informático como medio de creación, integración, cooperación e expresión das propias ideas.*
- *Potenciar a comunicación cos seus iguais.*
- *Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.*
- *Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula.*
- *Consultar e obter información a través das TIC.*
- *Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas, ... en diversas redes.*
- *Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación de xeito que se constitúan nun elemento común de información e de contacto co resto da comunidade educativa.*

- *A través das asociacións de nais e de país, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica.*
- *Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais.*

**Outros obxectivos** que se pretenden son:

- Fomentar o uso técnico e ético das TIC entre a comunidade educativa, advertindo dos perigos (información nociva ou ilícita, poder de adicción…).
- Fomentar unha actitude crítica e responsable, tanto individual como social, en relación ao uso dos medios electrónicos.
- Impulsar a formación permanente do profesorado, a innovación pedagóxica e a investigación educativa, en especial, un plan específico sobre recursos dixitais que favoreza o aproveitamento ao máximo dos recursos.
- Valorar o uso das tecnoloxías para aprender novos usos e posibilidades de traballo colaborativo.
- Fomentar a aprendizaxe por proxectos.
- Fomentar o tránsito de aula de informática a informática na aula mediante a utilización do libro dixital.
- Difundir unha actitude positiva ante as TIC como fonte de enriquecemento persoal e social.
- Facilitar a xestión titorial a través das funcionalidades que permite E-Dixgal.
- Poñer en marcha un repositorio de contidos tanto externos como internos en cada materia

# 4. EXPERIENCIA EDUCATIVA COAS TIC NO CENTRO.

## 4.1 PROXECTO ABALAR

Centro integrado no proxecto desde o curso 2010-11.

Os departamentos que imparten docencia nos cursos 1º e 2º ESO empregan como ferramenta o Proxecto ABALAR. Na maioría dos casos conclúen que lles está a facilitar o acceso a contidos e recursos educativos dixitais sen necesidade de recurrir ás aulas de informática. Como crítica engaden que as competencias do alumnado no manexo dos equipos é moi variable e que os fallos técnicos complican o día a día da aula.

Existe un profesor/a coordinador/a do proxecto (que será o responsable de coordinar E-Dixgal). O proxecto dispón de espazo web propio:




## 4.2 BLOGS DEPARTAMENTOS

A maioría dos departamentos comezaron empregando como recurso didáctico e como instrumento de comunicación os blogs.

Contidos habituais publicados nos blogs: composición do departamento, programación (contidos mínimos, criterios e instrumentos de avaliación), planificación e avaliación de materias pendentes, actividades complementarias e extraescolares, calendario de probas e exames, orientacións e exercicios de probas de acceso á univesidade, …

| *Departamento* | Blog empregado |
|---|---|
| *Artes Plásticas* |  |

| | |
|---|---|
| ***Ciencias Naturais*** |  |
| ***Economía*** |  |
| ***EDL*** |  |
| ***Educación Física*** |  |
| ***Filosofía*** |  |
| ***Francés*** |  |
| ***Latín*** |  |
| ***Lengua Castellana y Literatura*** |  |
| ***Lingua Galega e Literatura*** |  |

| | |
|---|---|
| ***Matemáticas*** |   |
| ***Música*** |   |
| ***Tecnoloxía*** |   |
| ***Xeografía e Historia*** |   |

Os recursos relacionados están activos e en funcionamento.

## 4.3 AULAS VRITUAIS

Moodle, a plataforma web para a creación de cursos e entornos de aprendizaxe online (sotware libre), está a ser un recurso cada vez máis empregado, aínda que unha parte importante do profesorado demanda formación específica co fin de rendibilizar o seu uso. Departamentos que están a traballar empregando esta plataforma:

- Ciencias Naturais.

  Departamento que para o curso 2017-2018 ten o compromiso, independentemente do resultado da participación do centro na convocatoria E-Dixgal, de substituír o libro de texto tradicional por materiais dixitais como referencia para o desenvolvemento curricular, nas materias de Bioloxía e Xeoloxía (1º ESO) e materias de libre configuración como Promoción de Estilos de Vida Saudable e Paisaxe e Sustentabilidade.
- Francés
- Inglés
- Matemáticas.

  Departamento que en materias como Matemáticas I (1º Bacharelato) emprega exclusivamente materias dixitais no desenvolvemento curricular.

- Xeografía e Historia

A dirección está a empregar a aula virtual como repositorio de Documentación centro, ferramenta que facilita o acceso de todo o profesorado ás NOF, Plan TIC, Plan de Convivencia, …

Xa se ten considerado en reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica a necesidade de formar un grupo de traballo co fin de aproximar esta ferramenta de gran utilidade ao resto da comunidade educativa pola versatilidade e opcións que facilita.

## 4.4 ABALARMÓBIL

Durante o primeiro trimestre do curso 2016-2017, implántase a ferramenta abalarMóbil como instrumento de comunicación coas familias, logo da presentación das funcionalidades da aplicación ao claustro.

Grazas ao papel do ANPA e dos titores na difusión da APP, a valoración positiva por parte das familias e o esforzo e compromiso do profesorado e equipo directivo, as comunicacións en papel están sendo substituídas por este medio de comunicación en tempo real axilizando as comunicacións coas familias.

## 4.5. PROXECTO AGUEIRO

Con data 14 de novembro de 2016 o IES Isaac Díaz Pardo, a petición do profesor de Latín, o centro causa alta na plataforma *Agueiro: Comunidade educativa virtual.*




## 4.6 PÁXINA WEB DO CENTRO

Desde o 24 de novembro de 2008 o IES Isaac Díaz Pardo dispón das aplicacións do proxecto de websdinámicas instaladas no espazo web do centro.

http://www.edu.xunta.es/centros/iesisaacdiazpardo/

No curso 2016-2017 un dos obxectivos prioritarios da Programación Xeral Anual foi:

- ***Impulsar a web do centro como canle de comunicación coa comunidade educativa.***

En colaboración coa Asesora Abalar a construción da páxina web do centro, dinámica e actualizada, convértese nunha realidade no primeiro trimestre do presente curso. A xestión da páxina web está a cargo, no presente curso, da directora Dª. María Sol Doval Casal, con formación específica:

| Denominación | Título | Curso | Temporalización | |
|---|---|---|---|---|
| *Administración das ferramentas das Webs Dinámicas nos centros educativos* | Curso | 2014/15 | 23/02/2015 | 29/05/2015 |
| *Formación a distancia en Webs dinámicas para o emprego didáctico nos centros educativos* | Curso | 2013/14 | 26/02/2014 | 29/05/2014 |






## 4.7 OUTRAS FERRAMENTAS: GOOGLE APPS EDUCATIVAS

Co obxecto de facilitar a integración das TIC na vida educativa do centro, e, por iniciativa dun grupo de alumnos/as de 1º ESO que xa as empregaban nos centros de orixe, é posible que no vindeiro curso 2017-2018 se creen contas de correo electrónico para todo o alumnado co dominio do IES co fin de facilitar as ferramentas gratuítas de *Google para Educación*.

## 4.8 CONTRATOS PROGRAMA: MELLORA DO NIVEL DE COÑECEMENTOS PARA ACADAR A EXCELENCIA

O centro participa desde o curso 2012/13 na convocatoria de Contratos Programa en tres actuacións: Acompañamento escolar fóra do horario lectivo (PROA), Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia e Mellora da calidade na xestión dos centros.

A actuación Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia, pretende:
*"Crear situacións e experiencias de aprendizaxe nas que, a través da análise da información, a discusión, a indagación e o punto de vista compartido, os alumnos e alumnas sexan quen de construír os seus propios coñecementos a través das distintas realizacións audiovisuais"*
*"O proxecto DCine inclúe e integra nun todo todas as competencias clave, e faino a través da realización de documentais, curtametraxes e filmes."*

A actuación destaca entre os seus obxectivos:
*"**Promover o uso activo de ferramentas das TIC en galego,** implicando activamente a toda a comunidade escolar, en especial o alumnado, nun labor dinamizador do uso da lingua galega e da súa valoración positiva, con repercusións máis alá dos límites do centro, contribuíndo a que cada vez se estenda máis o uso do galego nas novas tecnoloxías.*

## 4.9 EXEMPLOS DE TRABALLO DIARIO COAS TIC DESENVOLVIDOS NO CURSO 2016/17 POR DIFERENTES DEPARTAMENTOS

De seguido reflíctense o modelo metodolóxico que está a desenvolver algún dos departamentos comprometidos co proxecto E-Dixgal:

| ***Departamento Lengua Castellana e Literatura*** |
|---|
| O departamento referido fai un uso activo das TIC na súa práctica diaria, centrado fundamentalmente nas seguintes liñas de actuación:<br>▪ **1º e 2º de ESO**: traballo co proxecto Abalar. Uso dos recursos educativos do repositorio, procura de información, realización de exercicios interactivos, comunicación coas familias, ...<br>▪ **Libro dixital** da editorial Anaya con posibilidade de utilizalo en todos os cursos posto que o centro conta con equipamento de encerados dixitais en todas as aulas.<br>▪ **Sitio Google de apoio ás materias de Lingua Castelá e Literatura dos cursos de 4º da ESO, 1º de bacharelato e a optativa de Literaturas Hispánicas** na dirección: *https://sites.google.com/site/palabradeletras/*<br>De acceso libre para todo o alumnado, pretende ser unha ferramenta para facer máis áxil o día a día posto que facilita información sobre o desenvolvemento semanal da materia, a programación anual e trimestral das unidades didácticas de cada curso, guías de lectura dos libros obrigatorios, enlaces de interese para ampliar ou reforzar coñecementos, calendario de probas escritas e entrega de traballos, etc. Ademais o feito de permitir colgar documentos adxuntos de complemento evita o gasto de papel e facilita o acceso ao alumnado que non depende de ter que recoller fotocopias para seguir a clase.<br>▪ Por último, o plantexamento da materia optativa de 1º de bachillerato **Literaturas hispánicas** baséase nun uso activo das novas tecnoloxías. Os alumnos entregan traballos e reciben as correccións do profesor por medio do correo electrónico e a avaliación do seu traballo susténtase nas exposicións orais que fan das súas investigacións diante do encerado dixital co apoio de programas manexados na optativa TIC." |

| ***Departamento de Ciencias Naturais*** |
|---|
| O departamento fomenta a utilización das TIC desde as diferentes materias.<br>▪ **Bioloxía e Xeoloxía 1ºESO**<br>A busca de información e o manexo da mesma en soportes informáticos, especialmente na terceira avaliación é un recurso para contribuír á consecución dos obxectivos mínimos da materia. O alumnado aprende, logo dunha saída intermareal onde realiza fotografías, a presentar os resultados nunha presentación dixital. A utilización das TIC sempre estará orientada á realización persoal do alumando na |

procura dunha aprendizaxe permanente que lle permita unha cidadanía activa e satisfactoria, acorde cos tempos,

- **Bioloxía e Xeoloxía de 3º e 4ºESO**

  Na primeira e segunda avaliación o alumnado destes cursos consulta diferentes fontes de internet (páxinas web, blogs...) para a confección e elaboración dos traballos propostos.

- **Cultura Científica de 4ºESO**

  O alumnado expón un traballo en cada avaliación mediante unha presentación en formato power point ou google docs.

Ademais cómpre sinalar que o departamento emprega nas diferentes materias a **aula virtual** (entorno Moodle): contidos complementarios, vídeos, lecturas que son consultados polo alumnado, ...

Neste curso habilitouse un blog no departamento (BIXE_blogue) no que se pode atopar información relativa a: materias pendentes, saídas…

| ***Departamento de Economía*** |
|---|

O departamento fomenta a utilización das TIC desde as diferentes materias.

- **Educación Financeira 1º e 2º ESO**

  A totalidade dos materiais empregados son dixitais. O alumnado emprega a diario o equipamento Abalar, para a elaboración de orzamentos, comparativa de ofertas de entidades financeiras na rede, cadros de amortización de préstamos, …

- **Economía da Empresa 2º Bacharelato**

  Ao longo do curso emprégase a folla de cálculo como ferramenta indispensable para a elaboración das contas anuais da empresa e posterior análise.

  Como ferramenta de difusión e consulta emprégase o blog:

  *http://blablaeconomia.blogspot.com.es/*

Ademais o departamento comprométese a pór en marcha no curso 2017/18 aulas virtuais en todas as materias de atribución docente.

# 5. MODELO ORGANIZATIVO E METODOLÓXICO PREVISTO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO E GARANTIR A SÚA CONTINUIDADE.

## 5.1. MODELO METODOLÓXICO

O emprego das TIC na práctica docente implica, en especial, no caso das aulas de informática e as aulas ABALAR, un esforzo adicional de preparación e programación:

- Planificar a actividade. Seleccionando os programas e recursos a empregar, actividades a realizar, número de sesións e organización.
- Concreción nas intervencións co alumnado nas citadas aulas, facilitando a autonomía do alumnado no emprego dos equipos, potenciando a participación, realizando actividades axeitadas, fomentando a conservación dos equipos.
- Analizar as sesións, aspectos a mellorar co fin de incorporar melloras nas sesións futuras.

Cada departamento aborda na súa programación a metodoloxía a empregar no eido das TIC. A maioría empezou utilizando o Blog como recurso didáctico e instrumento de comunicación como salto ao emprego da aula virtual, en crecente uso.

Entendemos, como expón a Resolución da convocatoria, que *"o desenvolvemento da competencia dixital non se acada co simple uso de ferramentas"*, polo que **a metodoloxía que pretendemos desenvolver debe de amosar unha alternativa ao libro de texto como única fonte de coñecemento e estimular ao alumnado á procura de información, así como á reflexión e ao contraste crítico dos datos**. Tratará de ser unha importante ferramenta a empregar na **execución das diferentes medidas de atención á diversidade** que o centro pon en marcha.

Ademais dunha maior autonomía na búsqueda e selección da información, deben **aprender a expresarse e comunicarse a través de distintas modalidades e recursos tecnolóxicos**.

Fronte a aprendizaxe como unha experiencia individual o **reto sería que aprendesen a utilizar a tecnoloxía para xerar procesos de aprendizaxe colaborativo**. Neste sentido

sería de gran utilidade a colaboración entre departamentos e a posibilidade de realizar distintos **traballos interdisciplinares, que será un dos obxectivos deste proxecto**.

Pretendemos que **o uso das TIC leve asociado un incremento da innovación pedagóxica e da motivación, no só do alumando** para poder comprender e coñecer unha gran parte dos contidos recollidos nas distintas materias do seu currículo; **senón tamén do profesorado, na procura da eficiencia do proceso de ensino-aprendizaxe.**

En definitiva, *"promover o uso crítico, creativo e seguro das tecnoloxías que axude a conseguir unha mellora no proceso de ensinanza-apendizaxe e un aumento da calidade educativa"* utilizando as ferramentas TIC como estimuladoras do proceso cognitivo do alumnado co fin de aumentar a súa capacidade para analizar, sintetizar, relacionar e lembrar e non só memorizar ou reproducir potenciando unha aprendizaxe útil e significativa.

Ademais **tentaremos impulsar e fomentar o deseño propio de contidos educativos dixitais ou a incorporación de materias complementarios** aos eleborados por EDEBÉ e Netex tratando de incorporar diversas linguaxes estimuladoras no proceso de aprendizaxe do alumnado (texto, audio, imaxe, video, xogos, simulacións…), así como promover actividades baseadas na colaboración e o traballo en grupo.

## 5.2. MODELO ORGANIZATIVO

**A nivel organizativo desenvolveríamos**, seguindo a nosa experiencia co proxecto Abalar, **un protocolo para o uso e conservación do material**, consensuado cos distintos departamentos implicados no proxecto que recollerá a normativa de uso dos equipos, actuacións ante posibles incidencias, responsabilidades derivadas do uso, … e **será incorporado ás NOF do centro**.

A figura do **coordinador tratará tamén de impulsar, dinamizar e difundir** o seu uso non só como recurso didáctico senón tamén como medio de comunicación entre os distintos axentes implicados no proceso educativo (profesores, alumnos, país/nais, administración…) co obxecto de **garantir a súa continuidade como recurso** para a organización e xestión do centro, para que resulte máis eficiente e permita a

incorporación, cada curso, dunha maior porcentaxe de membros da comunidade educativa, **consolidando o seu uso.**

**Prioridade básica do Equipo Directivo será coordinar e fomentar o traballo coas TIC**. A coordinación do profesorado recaerá, especialmente, nas seguintes figuras:

- *Coordinación páxina web do centro*:

  Atribuída ao comezo de cada curso co fin de manter actualizados os contidos da páxina web. Tarefa primordial dado que a web confírmase como instrumento de comunicación fundamental co resto da comunidade educativa.
- *Coordinación proxecto Abalar/E-DixgaL:*

  Seleccionado valorando a experiencia no emprego e dinamización das TIC. O obxectivo é garantir o bo funcionamento dos proxectos, xestionar as diferentes incidencias que xorden ao longo do curso e facilitar o traballo diario do profesorado na clase
- *O/A Secretario/a do centro*, que realiza as seguintes funcións:

  Recompilar e comunicar as incidencias a AMTEGA.

  Detectar necesidades de novo equipamento e tratar de satisfacelas realizando investimentos para achegar as TIC a toda a comunidades educativa.

  Incluír as TIC no modelo de xestión do centro facilitando os procesos clave: Solicitudes de Matrícula, Xestión Económica, ...

  Fomentar o uso das TCI, facilitando o acceso a esta ferramenta de toda a comunidade educativa.

  Controlar e asignar o acceso á rede do centro (dirección IP, contrasinal da rede sen fíos,...)

  Detectar necesidades formativas da comunidade educativa.

  Elaborar un inventario de equipos,...

Por todo o exposto, **consideramos necesaria a participación nos distintos programas de formación que se oferten, por parte do profesorado que se incorpora a E-Dixgal,** así como a súa **implicación na difusión e fomento do proxecto** como base da súa consolidación e continuidade como dispón o marco legal.

# 6. DESIGNACIÓN DA PERSOA COORDINADORA DO PROXECTO

Para a **coordinación do proxecto** desígnase ao Profesor de Ensino Secundario (Especialidade: Xeografía e Historia), **D. José Luis Martínez Arenas**, funcionario de carreira desde o curso 1996-1997, con destino definitivo no IES Isaac Díaz Pardo desde o curso 2011-2012.

Tal e como establece a Resolución do 22 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2017-2018, para a realización da proposta valorouse a experiencia da persoa proposta no emprego e dinamización das TIC nos ámbitos que de seguido se relacionan:

## 6.1. PARTICIPACIÓN, COORDINACIÓN OU DOCENCIA EN ACCIÓNS FORMATIVAS

A C T I V I D A D E S   I M P A R T I D A S:

- ***"Introdución ao manexo de ordenadores – Conceptos básicos de informática educativa"*** (0001SS335) no CFR de Santiago do 22 de marzo de 2001 ao 7 de maio de 2001.
- ***"Introdución ao manexo de ordenadores – Conceptos básicos de informática educativa"*** (0001SS340) no CFR de Santiago do 18 de abril de 2001 ao 29 de maio de 2001.
- **Proxecto de Formación:** *"Introdución a Windows 98 e Office 2000"* (0001CA225) no CFR de A Coruña do 1 de outubro de 2000 ao 30 de xuño de 2001.

**Actividades impartidas**

| Título | CFR | Temporalización | Relatorio | Acción |
|---|---|---|---|---|
| S0001074 - INTRODUCCION O MANEXO DE ORDENADORES (0001SS335) | Santiago | 22/03/01 - 07/05/01 | (15 horas) | |
| S0001079 - INTRODUCCION O MANEXO DE ORDENADORES (0001SS340) | Santiago | 18/04/01 - 29/05/01 | (15 horas) | |
| C0007025 - INTRODUCCION O WINDOWS 98 E OFFICE 2000 (0001CA225) | A Coruña | 01/10/00 - 30/06/01 | (10 horas) | |

A C T I V I D A D E S   E N   Q U E   P A R T I C I P O U:

- Curso de ***"Programación e desenvolvemento de aplicacións informáticas",*** 240 horas de duración realizado no Centro de Estudios Especializados "Samicro". 1993.
- Seminarios de ***"Vectores de interrupción"***, ***"Redes locales. Novell***" e ***"Programación Pascal"*** (30 horas) no Centro de Estudios Especializados "Samicro". 1993.
- Curso de ***"Linguaxe C; Nivel I"*** realizado na Aula de Formación da Facultade de Informática da Universidade da Coruña (20 horas). 1993**.**
- ***"O uso das novas tecnoloxías da información no ámbito educativo"*** (C0101M98131) celerado en Oleiros do 20 de abril ao 4 de xuño de 2004 (35 horas).
- ***"A xestión administrativa e académica da titoría. Xadeweb"*** (0405CA068) no CFR de A Coruña do 1 de xuño ao 6 de xuño de 2005 (10 horas).
- ***"Introdución ao manexo de ordenadores. Nivel II"*** (0405CA116) no CFR de A Coruña do 15 de marzo de 2005 ao 27 de abril de 2005 (30 horas).
- ***"O emprego das tecnoloxías da información e da comunicación en Xeografía, Historia e Historia da Arte"*** (0405CA010) no CFR de A Coruña do 9 de decembro de 2004 ao 17 de febreiro de 2005 (30 horas).
- ***"Introdución ao manexo de ordenadores. Nivel III"*** (0506CA123) no CFR de A Coruña (0506CA123) no CFR de A Coruña do 19 de abril ao 7 de xuño de 2006 (30 horas).
- ***"O software libre na educación. Edición Abalar"*** (X1004045) nos Servizos Centrais [Plategа] do 7 de marzo ao 27 de maio de 2011 (30 horas).
- ***"Nivel básico en tecnoloxías da información e da comunicación. Edición Abalar"*** (C1301032) no CFR de A Coruña do 9 de outubro ao 11 de decembro de 2013 (50 horas).
- ***"A formación de persoas adultas a través de plataformas virtuais de aprendizaxe"*** (G1401065) no CAFI [Plategа] do 8 de outubro ao 5 de decembro de 2014 (30 horas).
- ***"Sacando partido as aulas dixitais"*** (G1501105) no CAFI [Plategа] do 2 de maio ao 10 de xuño de 2016 (30 horas).

**Actividades recibidas**

| Título | CFR | Temporalización | Estado | Límite confirmación | Resultados enquisa | Acción |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C0401017 - A XESTION ADMINISTRATIVA E ACADEMICA DA TITORIA. XADEWEB (0405CA068) | A Coruña | | Superada | | Non dispoñibles | |
| C0401046 - INTRODUCION AO MANEXO DE ORDENADORES. NIVEL II (0405CA116) | A Coruña | | Superada | | Non dispoñibles | |
| C0401073 - O EMPREGO DAS TECNOLOXIAS DA INFORMACION E DA COMUNICACION EN XEOGRAFIA, HISTORIA E HISTORIA DA ARTE (0405CA010) | A Coruña | | Superada | | Non dispoñibles | |

**Actividades recibidas**

| Título | CFR | Temporalización | Estado | Límite confirmación | Resultados enquisa | Acción |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C0501013 - INTRODUCIÓN AO MANEXO DE ORDENADORES: NIVEL III (0506CA123) | A Coruña | | Superada | | Non dispoñibles | |

**Actividades recibidas**

| Título | CFR | Temporalización | Estado | Límite confirmación | Resultados enquisa | Acción |
|---|---|---|---|---|---|---|
| X1004045 - O software libre na educación. Edición Abalar | Servizos Centrais | 07/03/2011 - 27/05/2011 | Superada | | Ver Detalle | Descargar |

**Actividades recibidas**

| Título | CFR | Temporalización | Estado | Límite confirmación | Resultados enquisa | Acción |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C1301032 - Nivel básico en tecnoloxías da información e da comunicación. Edición Abalar | A Coruña | 09/10/2013 - 11/12/2013 | Superada | | Ver Detalle | Descargar |

**Actividades recibidas**

| Título | CFR | Temporalización | Estado | Límite confirmación | Resultados enquisa | Acción |
|---|---|---|---|---|---|---|
| G1401065 - A formación de persoas adultas a través de plataformas virtuais de aprendizaxe | CAFI | 08/10/2014 - 05/12/2014 | Superada | | Ver Detalle | Descargar |
| X1423033 - Coordinación en centros do Proxecto Abalar 2014-2015 | Servizos Centrais | 08/09/2014 - 19/06/2015 | Superada | | Non dispoñibles | Descargar |

**Actividades recibidas**

| Título | CFR | Temporalización | Estado | Límite confirmación | Resultados enquisa | Acción |
|---|---|---|---|---|---|---|
| G1501105 - Sacando partido ás aulas dixitais | CAFI | 02/05/2016 - 10/06/2016 | Superada | | Ver Detalle | Descargar |
| X1523038 - Coordinación en centros do Proxecto Abalar 2015-2016 | Servizos Centrais | 07/09/2015 - 24/06/2016 | Superada | | Non dispoñibles | Descargar |

ACTIVIDADES QUE COORDINOU:

- **Coordinador Docente. Xefe de Departamento** durante sete cursos. Cursos 2000-2001, 2001-2002 e 2002-2003 no CPI de Zas. Cursos 2005-2006, 2006-2007, 2007-2008 e 2008-2009 no IES "Isidro Parga Pondal".
- **Titor de profesorado en prácticas** durante o curso 2007-2008.
- **Responsable de dinamización de programas internacionais** durante os cursos 2007-2008 e 2008-2009 do IES "Isidro Parga Pondal".
- **Membro do equipo directivo** do IES "Isidro Parga Pondal" como **Secretario** durante os cursos 2009-2010 e 2010-2011.

## 6.2. TRABALLO ACREDITADO RELACIONADO COA INTEGRACIÓN DAS TIC NA EDUCACIÓN.

Emprego e fomento habitual de recursos educativos dixitais na práctica docente coa elaboración de distintos materiais dixitais e webs de contidos para as materias de Xeografía e Historia. Como mostra, inclúense imaxes de distintas webs persoais que aloxan numerosos recursos educativos dixitais para o desenvolvemento das competencias e para a difusión das TIC no proceso de educativo.

**<u>Webs persoais para traballar os contidos de Xeografía de 2º Bacharelato:</u>**

***noespazonotempo.webnode.es***

***noespazonotempo2017.webnode.es***

***exercicios-xeo.webnode.es***












**<u>Web persoal para traballar os contidos de Hª do Mundo Contemporáneo de 1º de Bach:</u>**

***http://hmc-sada.webnode.es/***

**<u>Web persoal para traballar Ciencias Sociais de 2º de ESO:</u>**

***http://xh2-sada.webnode.es/***

**<u>Web persoal para traballar o Ámbito de Sociedade na Educación Secundaria de Adultos:</u>**

***http://esa-sada.webnode.es/***


Inicio
TEMA 01 / TEMA 02 / TEMA 03 / TEMA 04 / TEMA 05 / TEMA 06 / TEMA 07 / TEMA 08 / TEMA 09 / TEMA 10 / TEMA 11 / TEMA 12 / MÁS
Historia do Mundo Contemporáneo
IES "Isaac Díaz Pardo" - 1º Bacharelato B / C
Tarefas prácticas
Aquí atoparás as tarefas prácticas dos distintos temas tratados na clase
Tema 01
A Europa do Antigo Réxime
Como lle afectaron os cambios producidos nos séculos XVII e
Tema 02
A nova era industrial
Como mudou a vida dos homes e mulleres no século XIX co
Tema 03
Movementos liberais e nacionais
Que novo modelo social e político instauraron en Europa as


01. A fragmentación do mundo antigo
Europa a mediados do século VII
No comezo da Idade Media, tres grandes civilizacións repartíronse as terras do antigo Imperio romano.
A parte oriental do Imperio, ao que chamamos Bizancio, logrou sobrevivir e, logo da caída de Roma, as insignias imperiais foron enviadas a Constantinopla nun acto simbólico.
Na zona occidental establecéronse numerosos reinos xermánicos, como os suevos e os visigodos, que acabaron adoptando a tradición romana e a relixión cristiá e que lle deron orixe á Europa feudal.
Por último, o Islam, unha nova relixión aparecida en Arabia no século VII, espallouse por toda a franxa costeira do sur do Mediterráneo, a Península Ibérica e Oriente Medio.
Tarefas prácticas
1. Que aconteceu co antigo Imperio romano?
2. O reino suevo de Galicia
3. Un reino xermánico: os visigodos en Hispania




## 6.3.EXPERIENCIA NA COORDINACIÓN DE PROXECTOS OU GRUPOS DE TRABALLO.

- ***“Coordinación en Centros de Proxecto Abalar”*** (X1423033) - IES “Isaac Díaz Pardo” no Curso 2014-2015.
- ***“Coordinación en Centros de Proxecto Abalar”*** (X1523038) - IES “Isaac Díaz Pardo” no Curso 2015-2016.

  ***“Coordinación en Centros de Proxecto Abalar”*** - IES “Isaac Díaz Pardo” no Curso 2016-2017.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| X1423033 - Coordinación en centros do Proxecto Abalar 2014-2015 | Servizos Centrais | 08/09/2014 - 19/06/2015 | Superada | | Non dispoñibles | Descargar |
| X1523038 - Coordinación en centros do Proxecto Abalar 2015-2016 | Servizos Centrais | 07/09/2015 - 24/06/2016 | Superada | | Non dispoñibles | Descargar |

## 6.4.PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS QUE INTEGREN METODOLOXÍAS DIDÁCTICAS INNOVADORAS NA EDUCACIÓN.

- Licenza por Estudos, na modalidade 05, Proxectos (cuadrimestral) - **elaboración de materias didácticos dixitais:** *“Xogos didácticos para as Ciencias Sociais”* durante o curso 2008-2009.

## 6.5. OUTRA EXPERIENCIA ACREDITABLE QUE SE CONSIDERE RELEVANTE COA INTEGRACIÓN DAS TIC NA AULA.

- Participación no **Proxecto de Formación en Centros**: *"Proxecto de Desenvolvemento Curricular de Áreas da ESO e Ciclos Formativos"* no IES "Monte Neme" do 1 de outubro de 1996 ao 30 de xuño de 1997 (75 horas).
- Participación no **Proxecto de Formación en Centros**: *"Introdución dos temas transversais nos currículos"* no IES "María Casares" do 1 de outubro de 1998 ao 30 de xuño de 1999 (75 horas).
- Participación no **Seminario Permanente**: *"A historia da arquitectura da cidade da Coruña"* do 1 de outubro de 1998 ao 30 de xuño de 1999 (60 horas).
- "Formación e apoio á oferta educativa a distancia na ensinanza de adultos" (CeFm01T00009) celebrado en Ourense dende o 1 de marzo ata o 30 de xuño de 2000 (50 horas)
- Grupo de traballo: "Xestión da Biblioteca Escolar" (C0105S07045515), no IES "Isidro Parga Pondal" (CFR de A Coruña) do 20 de novembro de 2007 ata 2 de xuño de 2008 (50 horas).
- Participación no **Grupo de Traballo** "A xeografía de xénero na aula" desde o 19 de xaneiro de 2010 ata o 1 de xuño de 2010 (30 horas) coa elaboración de diferentes materias didácticos dixitais.
- Membro do **Grupo de Traballo** de Xeografía da **CiUG** [Comisión interUniversitaria Galega] durante os últimos seis cursos (2011-2012, 2012-2013, 2013-2014, 2014-2015, 2015-2016 e 2016-2017) dirixido pola profesora Montserrat Villarino Pérez.
- **Vogal** da **Comisión Delegada** e da **Comisión Avaliadora** da **CiUG** desde o curso 2011-2012 ata a actualidade.

# 7. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE E OUTRAS RELACIONADAS COAS TIC DESENVOLTAS NO CENTRO DURANTE OS ÚLTIMOS CINCO ANOS.

Actividades de formación permanente no IES Isaac Díaz Pardo nos últimos 5 anos:

| Actividade | Modalidade | Curso Académico | Data inicio | Data fin |
|---|---|---|---|---|
| F1221001- Estratexias para o traballo nas aulas cos PCPI | PFPP | 2012/13 | 15/11/2012 | 31/05/2013 |
| C1306034 - Mindfulness para a escola, teoría e práctica | Seminario | 2013/14 | 15/11/2012 | 31/05/2013 |
| C1405048 - Roteiros literarios didácticos para a ESO | Grupo de traballo | 2014/15 | 14/11/2014 | 30/05/2015 |
| C1406026 - Técnicas de traballo para a reducción do estrés e o fomento da atención plena: mindfulness | Seminario | 2014/15 | 14/11/2014 | 30/05/2015 |
| C1505032 - A prensa como ferramenta didáctica e de comunicación escolar | Grupo de traballo | 2015/16 | 05/11/2015 | 31/05/2016 |

**Á formación permanente no centro hai que engadir a formación individual do profesorado do centro**. Desde o centro promóvese a formación, especialmente a vinculada ás TIC e á mellora competencial do profesorado.

De seguido reflíctese a formación recibida polo profesorado do centro relacionada coas TIC:

| Actividade | Modalidade | Curso Académico | Data inicio | Data fin |
|---|---|---|---|---|
| C1201021 - Lectoescritura na era dixital | Curso | 2012/13 | 29/01/2013 | 11/03/2013 |
| C1201042 - Formación técnica nos elementos da aula Abalar | Curso | 2012/13 | 25/09/2012 | 10/10/2012 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| C1201084 - Achegamento ás Tecnoloxías da Información e Comunicación | Curso | 2012/13 | 09/10/2012 | 30/10/2012 |
| C1205035 - Iniciación á integración tecnolóxica na aula e manexo das TIC | Grupo de traballo | 2012/13 | 19/11/2012 | 03/06/2013 |
| A prensa como ferramenta didáctica e de comunicación escolar | Grupo de traballo | 2015/16 | 05/11/2015 | 31/05/2016 |
| F1201025 - Nivel básico en tecnoloxías da información e da comunicación | Curso | 2012/13 | 09/10/2012 | 11/12/2012 |
| G1201026 - Aprender lingua e literatura utilizando as TIC | Curso | 2012/13 | 18/02/2013 | 22/04/2013 |
| G1201077 - Moodle como ferramenta de apoio no traballo por proxectos no ámbito científico-matemático-tecnolóxico | Curso | 2012/13 | 18/02/2013 | 06/05/2013 |
| G1201078 - Moodle como ferramenta de apoio no traballo por proxectos no ámbito científico-matemático-tecnolóxico. Edición Abalar. | Curso | 2012/13 | 28/01/2013 | 02/04/2013 |
| G1201095 - A folla de cálculo. Aplicacións a xestión de centros educativos | Curso | 2012/13 | 04/03/2013 | 21/04/2013 |
| G1202001 - A sociedade en rede | Xornadas | 2012/13 | 23/11/2012 | 24/11/2102 |
| G1202018 - I Xornada de coordinadores e coordinadoras do proxecto Abalar | Xornadas | 2012/13 | 19/04/2013 | 19/04/2013 |
| S1207003 - Drupal: Maquetación coas ferramentas presentes no software Abalar | PFAC | 2012/13 | 31/10/2012 | 31/05/2013 |
| X1223010 - Coordinación en centros do proxecto Abalar 2012-2013 | Actividade de innovación | 2012/13 | 03/09/2012 | 28/06/2013 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| C1301032 - Nivel básico en tecnoloxías da información e da comunicación. Edición Abalar | Curso | 2013/14 | 09/10/2013 | 11/12/2013 |
| C1302015 - As tablets no ensino e na atención á diversidade | Xornadas | 2013/14 | 25/04/2014 | 26/04/2014 |
| G1301044 - Formación a distancia en Webs dinámicas para o emprego didáctico nos centros educativos | Curso | 2013/14 | 26/02/2014 | 29/05/2014 |
| G1301048 - Nivel medio en tecnoloxías da información e da comunicación | Curso | 2013/14 | 03/10/2013 | 17/12/2013 |
| G1302005 - Xornadas "escol@TIC.2014" | Xornadas | 2013/14 | 21/03/2014 | 22/03/2014 |
| G1302030 - O uso responsable de Internet e as novas tecnoloxías entre os adolescentes | Xornadas | 2013/14 | 29/04/2014 | 29/04/2014 |
| S1306003 - Afondar nos elementos da aula Abalar | Seminario | 2013/14 | 12/11/2013 | 31/05/2014 |
| X1323045 - Coordinación en centros do Proxecto Abalar 2013-2014 | Actividade de innovación | 2013/14 | 09/09/2013 | 20/06/2014 |
| | | | | |
| C1403005 - I Encontro de experiencias Arteixo-Innovación: educación e TIC | Encontros | 2014/15 | 05/05/2015 | 07/05/2015 |
| F1401048 - PFPP F1431034 Utilización didáctica do EDI | Curso | 2014/15 | 30/11/2014 | 30/06/2015 |
| G1401041 - Administración das ferramentas das Webs Dinámicas nos centros educativos | Curso | 2014/15 | 23/02/2015 | 29/05/2015 |
| G1401050 - Nivel medio inicial en tecnoloxías da información e da comunicación | Curso | 2014/15 | 06/10/2014 | 15/12/2014 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| G1401065 - A formación de persoas adultas a través de plataformas virtuais de aprendizaxe | Curso | 2014/15 | 08/10/2014 | 05/12/2014 |
| G1401068 - As posibilidades didácticas dos sistemas de información xeográfica en rede | Curso | 2014/15 | 16/03/2014 | 11/05/2015 |
| G1402009 - Xornadas "escol@TIC.2015" | Xornadas | 2014/15 | 17/04/2015 | 18/04/2015 |
| G1414001 - Xornada eTwinning | Congreso | 2014/15 | 29/11/2014 | 29/11/2014 |
| X1423033 - Coordinación en centros do Proxecto Abalar 2014-2015 | Actividade de innovación | 2014/15 | 08/09/2014 | 19/06/2015 |
| | | | | |
| C1501013 - Robótica con software libre | Curso | 2015/16 | 01/10/2015 | 12/11/2015 |
| F1502019 - Introdución ao kit das aulas dixitais | Xornadas | 2015/16 | 11/04/2016 | 21/04/2016 |
| F1505019 - Innovación metodolóxica no proceso de ensinanza | Grupo de traballo | 2015/16 | 09/11/2015 | 30/05/2016 |
| F1505042 - PFPP F1531034 Elaboración e aplicación de material didáctico facendo uso de distintas ferramentas TICS | Grupo de traballo | 2015/16 | 30/10/2015 | 05/06/2016 |
| G1501019 - Software libre para a elaboración de materiais didácticos audiovisuais | Curso | 2015/16 | 22/02/2016 | 27/04/2016 |
| G1501020 - Transformación creativa de Recursos Educativos Abertos con eXeLearning | Curso | 2015/16 | 18/01/2016 | 30/04/2016 |
| G1501105 - Sacando partido ás aulas dixitais | Curso | 2015/16 | 02/05/2016 | 10/06/2016 |
| S1506018 - PFPP S1531017 En marcha por un traballo colaborativo coas TIC | Seminario | 2015/16 | 19/10/2015 | 05/06/2016 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| X1501097 - Creación de aplicacións pedagóxicas (apps) para disposivos móbiles. | Curso | 2015/16 | 04/11/2015 | 24/11/2015 |
| X1523038 - Coordinación en centros do Proxecto Abalar 2015-2016 | Actividade de innovación | 2015/16 | 07)09/2015 | 24/06/2016 |
| | | | | |
| C1601026 - Robótica, programación, deseño e impresión 3D | Curso | 2016/17 | 17/10/2016 | 09/11/2016 |
| C1602010 - Introdución ao manexo do kit de Robótica Educativa | Xornadas | 2016/17 | 17/11/2016 | 12/01/2017 |
| C1602016 - Introdución ao manexo do kit de Arduino e Raspberry Pi | Xornadas | 2016/17 | 16/01/2017 | 30/01/2017 |
| C1602019 - Introdución ao manexo da impresora León 3D | Xornadas | 2016/17 | 19/01/2017 | 26/01/2017 |
| G1601088 - Proxecto Meiga. Xestión informatizada da biblioteca escolar. V15 | Curso | 2016/17 | 13/03/2017 | 15/06/2017 |

## 8. TIPO DE CONEXIÓN Á REDE, INDICANDO A SÚA VELOCIDADE DE BAIXADA NOMINAL E REAL.

Os datos correspondentes ao ***"Tipo de conexión"*** e o "Ancho de banda" aparecen cargados no apartado "Sociedade da Información" do DRD do centro segundo a información facilitada polo centro de xestión de redes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

- *Conexión a internet:*

  Tipo: TV-Cable

  Ancho de banda: 200MB

- *Entorno virtual de aprendizaxe (EVA).*

  Espazo educativo aloxado na web, conformado por un conxunto de ferramentas informáticas ou sistema de software que posibilitan a interacción didáctica. A través dese entorno o alumnado pode acceder e desenvolver unha serie de accións que son as propias dun proceso de aprendizaxe: conversar, ler documentos, realizar exercicios, formular preguntas ao docente, traballar en equipo, etc (Moodle).

  Webs Dinámicas: Calquera centro que esté incluído no proxecto de Webs Dinámicas conta cun Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) baseado en Moodle. O centro está incluído no proxecto de Webs Dinámicas:

  https://www.edu.xunta.gal/centros/iesisaacdiazpardo/

O **23 de xuño de 2017** realizáronse os ***"Test de velocidade"*** da conexión á rede do centro. De seguido reflíctense os resultados:






# 9. NOME DAS MATERIAS QUE SE IMPARTIRÁN EN DIXITAL NO CASO DE PROXECTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

A oferta de materias en 1º e 2º ESO do IES Isaac Díaz Pardo, para o curso 2017/18, é a que se reflicte de seguido:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES ISAAC DÍAZ PARDO
C/ La Laguna, 19
15160 SADA (A CORUÑA)

I.E.S. ISAAC DÍAZ PARDO
SADA

**SOLICITUDE MATRÍCULA CURSO 2017/18**

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Apelidos e nome alumno/a:** | | | |
| **Teléfono e correo electrónico:** | | | |
| CURSO | | | 1º ESO |
| MATERIAS[1] | | | SESIÓNS |
| BIOLOXÍA E XEOLOXÍA | | | 4 |
| EDUCACIÓN FÍSICA | | | 2 |
| EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL | | | 2 |
| LINGUA GALEGA E LITERATURA | | | 4 |
| LINGUA CASTELÁ E LITERTURA | | | 4 |
| MATEMÁTICAS | | | 5 |
| XEOGRAFÍA E HISTORIA | | | 3 |
| Elixir unha materia por orde de preferencia | ❏ AFONDAMENTO E/OU REFORZO DE LINGUA GALEGA<br>❏ EDUCACIÓN FINANCEIRA (unicamente se pode cursar en 1º ou en 2º ESO)<br>❏ OBRADOIRO DE MÚSICA<br>❏ PAISAXE E SUSTENTABILIDADE<br>❏ PROGRAMACIÓN (unicamente se pode cursar en 1º ou 2º ESO) | | 1 |
| PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA<br>(Elixa unha opción. Cursará a mesma en toda a ESO) | | ❏ FRANCÉS<br>❏ INGLÉS | 3 |
| SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA (Cursará a que non elixa como primeira) | | | 2 |
| Elixir unha materia | ❏ RELIXIÓN<br>❏ VALORES ÉTICOS | | 1 |
| TITORÍA | | | 1 |
| TOTAL | | | 32 |

Sada, de de 2017

SINATURA PAI, NAI OU TITOR LEGAL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES ISAAC DÍAZ PARDO
C/ La Laguna, 19
15160 SADA (A CORUÑA)
Teléfono/Fax: 881880942/881880946
ies.isaac.diaz.pardo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/iesisaacdiazpardo

## SOLICITUDE MATRÍCULA CURSO 2017/18

| | | |
|---|---|---|
| **Apelidos e nome alumno/a:** | | |
| **Teléfono e correo electrónico:** | | |
| **CURSO** | | **2º ESO** |
| **MATERIAS** | | SESIÓNS |
| EDUCACIÓN FÍSICA | | 2 |
| FÍSICA E QUÍMICA | | 3 |
| LINGUA GALEGA E LITERATURA | | 3 |
| LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | | 3 |
| MATEMÁTICAS | | 5 |
| MÚSICA | | 2 |
| TECNOLOXÍA | | 3 |
| XEOGRAFÍA E HISTORIA | | 3 |
| Elixir unha materia: (Enumerar varias por orde de preferencia) | ❏ AFONDAMENTO DE PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA<br>❏ EDUCACIÓN FINANCEIRA (de non ser cursada en 1º ESO)<br>❏ LABORATORIO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL (materia libre configuración centro)<br>❏ PROGRAMACIÓN (de non ser cursada en 1º ESO)<br>❏ PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES | 1 |
| PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA (Cursará a mesma que en 1º da ESO) | | 3 |
| SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA (Cursará a mesma que en 1º da ESO) | | 2 |
| Elixir unha materia: | ❏ RELIXIÓN<br>❏ VALORES ÉTICOS | 1 |
| TITORÍA | | 1 |
| TOTAL | | 32 |

Sada, de de 2017

SINATURA PAI, NAI OU TITOR LEGAL

Con data 14 de xuño de 2017 celebrouse reunión de Claustro, de carácter ordinario, no que se informou do contido da Resolución do 22 de maio de 2017 da D.X de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto E-Dixgal no curso 2017/18.

Con data 19 de xuño de 2017 celebrouse reunión de **Claustro**, de carácter extraordinario, co fin de valorar a participación na convocatoria referida. **A participación no proxecto foi aprobada co seguinte resultado**:

- Total de membros de Claustro con dereito a voto: 48
- Total de membros de Claustro presentes no momento da votación: 44.

- Total de votos a favor da participación na convocatoria: 33.
- Total votos en contra: 9.
- Total de votos en branco: 2.

Na reunión extraordinaria de Claustro confirmáronse as **materias que se impartirán en dixital**:

<table>
<tr><th></th><th>1º ESO</th><th>2º ESO</th></tr>
<tr><td>Materias troncais</td><td>1. Bioloxía e Xeoloxía<br>2. Lingua Castelá e Literatura<br>3. Matemáticas</td><td>1. Lingua Castelá e Literatura<br>2. Matemáticas</td></tr>
<tr><td>Materias específicas</td><td>4. Educación Física<br>5. Educación Plástica, Visual e Audiovisual</td><td>3. Educación Física<br>4. Música<br>5. Tecnoloxía</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Materia de libre configuración autonómica</td><td>6. Lingua Galega e Literatura</td><td>6. Lingua Galega e Literatura</td></tr>
<tr><td>7. Afondamento/Reforzo de Lingua Galega<br>8. Educación Financeira<br>9. Obradoiro de música<br>10. Paisaxe e sustentabilidade<br>11. Programación</td><td>7. Educación Financeira<br>8. Laboratorio de Educación Plástica, Visual e Audiovisual<br>9. Programación<br>10. Promoción de estilos de vida saudables</td></tr>
</table>

Con data 21 de xuño de 2017 celebrouse reunión de **Consello Escolar**, de carácter extraordinario, co fin de valorar a participación na convocatoria E-Dixgal. A **participación no proxecto** resulta **aprobada** co seguinte detalle:

- Total de membros do Consello Escolar con dereito a voto: 19
- Total de membros de Consello Escolar presentes no momento da votación: 14.
- Total de votos a favor da participación na convocatoria: 14.
- Total votos en contra: 0.
- Total de votos en branco: 0.

**As materias relacionadas no proxecto serán impartidas en dixital e o profesorado participante comprométese a participar na formación específica que se oferte dentro do programa**, preferentemente no marco da Formación en Centros.

# 10. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INTERNA DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO, ESPECIFICANDO INDICADORES DE LOGRO VINCULADOS AOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.

A implantación do Proxecto E-Dixgal no centro terá que someterse a una avaliación interna, como mínimo anual, que permita determinar o grao de consecución dos obxectivos propostos así como aspectos a mellorar detectados no seu desenvolvemento por parte da comunidade educativa participante no proxecto.

| **Procedemento de avaliación do desenvolvemento do proxecto.**<br>*O coordinador do proxecto, apoiado polo equipo directivo, será o responsable de coordinar o traballo de seguimento do proxecto.* | |
|---|---|
| **Avaliación do sistema** | ***Informe periódico***:<br>▪ Funcionamento do sistema: velocidade, accesibilidade, …<br>▪ Pertinencia dos contidos das editoriais e dos repositorios,<br>▪ Resolución de incidencias técnicas,<br>▪ Grao de satisfacción dos usuarios,<br>▪ Incidencias provocadas polos usuarios, … |
| **Avaliación do proxecto por parte do profesorado participante** | ***Enquisas de valoración*** da implantación do proxecto E-Dixgal, co fin de de coñecer o grao de satisfacción e de emprego do profesorado que imparte clase cos materias dixitais. |
| **Avaliación do proxecto por parte do alumnado participante** | ***Enquisas de valoración*** da implantación do proxecto E-Dixgal, co fin de coñecer o grao de satisfacción do alumnado co emprego do libro dixital. |
| **Avaliación do proxecto por parte das familias** | ***Enquisas de valoración*** da implantación do proxecto E-Dixgal, co fin de coñecer o grao de satisfacción das familias co emprego do libro dixital. |

As enquisas referidas permitirán valorar o desenvolvemento do proxecto e detectar deficiencias co fin de poder corrixilas no futuro, así como recoller todas as aportacións que os distintos usuarios destes recursos estimen oportunas.

A enquisa albergará cuestións relativas ao uso dos equipos e recursos, a organización, os posibles cambios a introducir no proxecto e a súa valoración en función dos obxectivos propostos, así como as posibles carencias a cubrir ou demandas de formación coa intención de mellorar o desenvolvemento do proxecto no seguinte curso.

O grao de consecución dos obxectivos propostos e as suxestións de mellora que reflictan estas enquisas serán dous aspectos fundamentais a ter en conta así como os efectos que as TIC teñen no rendemento e proceso de aprendizaxe do alumnado.

De seguido reflíctense algún dos indicadores de logro, vinculados aos obxectivos propostos, que serán empregados:

| *Indicadores de logro* | |
|---|---|
| **Competencia do alumnado no uso do hardware** | ▪ Identifica os compoñentes do equipamento.<br>▪ Manexa o equipamento con autonomía.<br>▪ Respecta e conserva axeitadamente o equipamento asignado.<br>▪ Porta diariamente o equipamento asignado. |
| **Competencia do alumnado no uso do software** | ▪ Opera básicamente co Sistema Operativo.<br>▪ Manexa as aplicación informáticas básicas: procesador de textos, presentación, folla de cálculo, … |
| **Emprego polo alumando das TIC como ferramenta de procura de información** | ▪ Obtén información a través das TIC e valora o seu contido.<br>▪ Segue unha secuencia dada para a procura de información fiable na rede.<br>▪ Recolle información de diferentes fontes co fin de contrastalas.<br>▪ Emprega os medios de comunicación e as TIC para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes. |

| | |
|---|---|
| **Expresión dos resultados da aplicación das TIC** | ▪ E quen de expoñer o resultado do traballo de investigación coas TIC: diapositivas, textos, representacións gráficas, ... |
| **Emprego ético e responsable das TIC** | ▪ Valora a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo.<br>▪ É consciente da necesidade de racionalizar o tempo comprometido coas TIC, dado o pode de adicción que supoñen.<br>▪ Amósase responsable no uso das TIC, xestionando axeitadamente a privacidade e seguridade dos datos na rede.<br>▪ Coñece e respecta os diferentes ámbitos de propiedade dos contidos dixitais, .. |
| **Indicadores de uso** | ▪ Horas de exposición do alumnado.<br>▪ % de uso das TIC nas prácticas docentes.<br>▪ Redución do absentismo.<br>▪ % de cumprimento da programación nas materias E-Dixgal. |
| **Impacto nas avaliacións** | ▪ Comparativa de resultados académicos por grupos e curso académico. |

# 11. INFORMACIÓN RELEVANTE PARA A SELECCIÓN DO CENTRO.

**A aplicación das TIC ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións**. A súa importancia social fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que os estudantes adquiran os coñecementos e habilidades necesarios para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer. O libro dixital é unha ferramenta clave pois vertebra o proceso de ensino e aprendizaxe en cada materia.

**Pretendemos que o proxecto E-Dixgal contribúa á alfabetización tecnolóxica do alumnado**, dando a coñecer as destrezas básicas da utilización das TIC enriquecendo o seu proceso de traballo e a creatividade.

Por todo o exposto, **consideramos que o IES Isaac Díaz Pardo reúne as condicións para integrarse no proxecto E-Dixgal con garantías de éxito**.

Sada, 23 de xuño de 2017.
A directora

Asdo.: María Sol Doval Casal